



CONCELLO DE
OLEIROS

> SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

EXPTE. 2022/CONTRAT/000004

“ APOIO A PERSOAS COIDADORAS” DURANTE O ANO 2022-2023

LOTE 1: ACTIVIDADES DE APOIO TERAPÉUTICO AS PERSOAS COIDADORAS **Informe de avaliación da Calidade do proxecto técnico.**

A asociación de familiares de enfermos de Alzheimer “AFACO” presenta unha proposta de intervención que segundo os criterios de licitación avaiase nos seguintes termos:

Informe de avaliación da Calidade do proxecto técnico.

A. Concordancia co medio real onde se desenvolven as actividades e grao de coñecemento da situación real en relación coa intervención coas persoas coidadoras nos Servizos Sociais do concello de Oleiros.

O proxecto de intervención amosa un amplo coñecemento da intervención con persoas coidadoras que se reflicte en tódolos aspectos que desenvolve. Concorda cos obxectivos específicos que basean o proxecto no concello de Oleiros.

B. Adecuación da metodoloxía a utilizar en función dos/as destinatarios/as participantes nas actividades ofertadas

Unha metodoloxía de intervención facilitadora a través da intervención psicolóxica directa para xerar unha conciencia da persoas coidadoras a través da expresión emocional dirixida a busca da comprensión, o auto coidado e a compensación da realidade a través das situacións positivas.

Esta intervención psicolóxica inicial se complementa nunha segunda fase cun seguimento posterior co mantemento de actitudes, valores e condutas explicadas. Tendo en conta como variable fundamental que o traballo en modificación de hábitos de conduta necesita da realización dunha serie ampla de intervencións emocionais, funcionais e psicolóxicas que fortalezan os cambios en accións de conduta que se iniciaron no anterior grupo .

Esta segunda fase de intervención facilitadora pon énfase na expresión de emocións, sentimentos, e pensamentos provedores de saúde mental positiva para os coidadores.

C. Elaboración e deseño da programación anual da intervención: obxectivos, contidos, metodoloxía, medios asignados, das actividades a desenvolver e seguimento.

Neste aspecto aporta un amplo programa estruturado que explica todos os aspectos da intervención , factores que interveñen, como se vai a desenvolver , seguimento e avaliación.

Estrutura as fases dos dous formatos de actividade “ Descubrindo emocións” e “Coidando emocións” como intervencións complementarias describindo dous modelos de sesións completas.

D. Equipo profesional



CONCELLO DE
OLEIROS

> SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

Non se valora este aspecto xa que non aporta nada a maiores do mencionado nos pregos.

E. Condicións laborais do persoal adscrito

Non aporta nada sobre este aspecto.

Segundo as observacións realizadas e nos aspectos que desenvolve a proposta presentada pola "Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer, AFACO", o proxecto de intervención para o desenvolvemento do:

LOTE 1: ACTIVIDADES DE APOIO TERAPÉUTICO AS PERSOAS COIDADORAS

Valórase a proposta de calidade en aspectos de metodoloxía, contidos, concordancia, estrutura, seguimento e avaliación, amosando un coñecemento amplo do colectivo de persoas coidadoras que concorda cos obxectivos do programa de persoas coidadoras do concello de Oleiros. Ofrecendo un modelo metodolóxico e de intervención de calidade.

Sen embargo, esquece a información referente ao equipo profesional e as condicións laborais mais ala dos reflectidos no prego de condicións.

Por todo considero que debe acadar unha puntuación de 30 puntos.